

TEMA 2:

A IDADE MEDIA: AL-ÁNDALUS E OS REINOS CRISTIÁNS (S. VIII-XV)

1. O DOMINIO MUSULMÁN: AL-ÁNDALUS (S. VIII-XI)

A presenza musulmá na Península vai durar dende o 711, ano no que entraron en axuda da familia de Witiza na súa loita contra o rei visigodo Rodrigo, ata o ano 1492, ano de derrota do reino nazarí de Granada.

1.1. A expansión islámica. Tras a entrada no 711, as tropas musulmás formadas por pobos árabe-bérberes vanse expandir rapidamente polo reino visigodo debido ás liortas internas do mesmo. Case non houbo resistencia e os poderes locais (visigodos) chegaron a acordo cos recéns chegados, capitulando diante deles. A conquista levouse a cabo en varias fases:

a. *Primeira fase (711-716).* Derrota do rei d. Rodrigo á beira do río **Guadalete** Moitos nobres visigodos aceptan a situación e sométense mediante a sinatura de acordos que lles permite manter as súas propiedades

b. *Segunda fase (716-732):* Consolidación da ocupación. Derrota fronte aos francos en **Poitiers** no ano 732. Dificultades internas (revoltas bérberes) que abandonan as terras outorgadas que provocan que o val do douro se converta nunha fronteira entre os reinos cristiáns e al-Ándalus.

1.2. A evolución de al-Ándalus

a. *Emirato dependente (714-756):* provincia dependente do califato omeia de Bagdad, gobernada por un **emir**. Etapa moi inestable polos enfrontamentos entre os distintos grupos étnicos invasores a causa de conseguir control das partes máis ricas da provincia.

b. *Emirato independente (756-929):* período de estabilidade tras a chegada de **Abd al-Rahman (I)**, príncipe omeia refuxiado en al-Ándalus, que toma o poder e declara a provincia un emirato independente a nivel político pero obediente no relixioso. Con **Abd al-Rahman II** adquiriu unha organización estatal completa e centralizada: división en **marcas** ou provincias. Rebelións de poboación indíxena **muladí** ou **cristiá** por mor do aumento da presión fiscal e intransixencia relixiosa.


c. *O Califato de Córdoba (929-1031):* Iniciase con **Abd al-Rahman III**, quen vai fortalecer de novo o poder: acaba coas rebelións internas, somete todo o territorio, derrota ós cristiáns e convérteos en vasallos. Vaise proclamar **califa (xefe político e relixioso)**, co que se independizará definitivamente de Bagdad.

Logros: **centraliza as finanzas**, reorganiza o exército (**tropas mercenarias**), asegura a fidelidade dos oficiais (**aristocracia palatina**). Exerce un **poder é absoluto**: legisla, nomea e depón funcionarios, era o xuíz supremo e xefe do exército. O herdeiro non sempre é o fillo máis vello (matanzas nos palacio).

Política exterior: relacións con Constantinopla. Con **al-Hakam II** acádase o cume político militar, cultural e artístico.

A derradeira etapa coñece o goberno de **al-Mansur** (Almanzor 977-1002), xeneral que vai gobernar en nome do califa. Establece unha **ditadura militar** baseada nos enfrontamentos contra os reinos cristiáns (**razzias**, contra Barcelona ou Santiago). **Obxectivos:** busca de recursos económicos, castigo aos reinos cristiáns e afianzamento do seu propio poder.

d. *Os reinos de taifas e as invasións norteafricanas:* debilitamento do califato á morte de al-Mansur, que vai significar a **desaparición do Califato de Córdoba (1031)** e a consolidación dos **reinos de taifas**, estados independentes baseados nunha identidade étnica. Expansión dos reinos cristiáns que obrigan a estes novos estados ao pago de tributos (**parias**) a cambio da súa protección. Unificación baixo os **almorábides (1085-11409)**, procedentes do norte de África e freará a expansión cristiá. Á desaparición do imperio almorábide nacen os **segundos reinos de taifas**, os cales serán substituídos polos **almohades**, tamén procedentes do norte de África, que reunificará de novo al-Ándalus, ameazando ós reinos cristiáns, derrotando ao rei **Alfonso VIII** de Castela en **Alarcos (1195)** á vez que conquistan as



Baleares. A reacción cristiá, alentada polo Papa Inocencio III levará a unha cruzada que os derrotará en **1212**, nas **Navas de Tolosa**. Esta derrota almore significará a división de al-Ándalus en tres reinos: Murcia, Valencia e Granada.

1.3. O Estado musulmán. Foi un Estado forte, baseado no poder persoal do emir, primeiro, e do califa despois, apoiados nunha administración forte que axudaba a controlar o territorio e nun exército poderoso. O califa era o xefe espiritual (dirixía o rezo dos venres) e o seu poder estendíase ó ámbito da xustiza, da economía, do exército e das relacións exteriores. Gobernaba dende Córdoba (con al-Hakem dende o pazo de Madinat al-Zahra ou Medina Zahara), onde se centralizaba a **administración**, Territorialmente estaba dividida en provincias ou **coras (22 en total)** gobernadas polos **valís** nomeados polos califas. Estableceuse un sistema centralizado de percepción de **tributos** sobre a poboación e a actividade comercial e artesanal.

As **ciudades** eran unha parte esencial de al-Ándalus ao constituír o centro dunha economía baseada no comercio e na artesanía, así como do poder político e relixioso. Existían unha serie de funcionarios para atender e supervisar as actividades económicas: almotacén (encargado dos mercados), o encargado da orde pública ou zalmedina ou exercicio da xustiza (cadí).

O Califato mantíñase grazas ó **cobro de fortes impostos** que eran de dous tipos: o décimo ou esmola, para os musulmáns e imposto territorial (jarach) e o imposto persoal (chizya) para os cristiáns. Estes impostos permitían o mantemento dun forte exército que garantía as fronteiras e a orde pública nas cidades. Estaba formado fundamentalmente por mercenarios bérberes e eslavos.

1.4. A sociedade. Foi unha sociedade moi diversa, tanto étnica como relixiosamente. Os invasores nun primeiro momento estaban divididos nun grupo composto por árabes, exipcios e sirios por un lado e bérberes por outro. O grupo dirixente, o "árabe", instalouse no val do Guadalquivir onde se apropiaron de grandes propiedades traballadas por muladí, mozárabes e servos e fixéronse con cargos na administración do emirato e logo no califato beneficiándose dos **botíns de guerra**. Os bérberes, que formaban a maioría do exército, foron relegados ás terras máis pobres da Meseta, ata que a abandonaron, provocando o avance do reino ástur leonés.

A maioría da poboación **hispanovisigoda** integrouse relixiosa e culturalmente no islam (**muladí**), pagando menos impostos pero nunha situación subordinada á aristocracia árabe. Os habitantes que se mantiveron na fe cristiá (**mozárabes**) tamén se viron moi influenciados polo islam. Ambos grupos mantiveron, xeralmente, boas relacións cos musulmáns.

O outro grupo minoritario libre, **os xudeos**, mantiveron a súa relixión e viviron sobre todo do comercio, a artesanía e a usura. Vivían en barrios aparte (**xudarías**). Por debaixo de todos eles van estar os escravos, tanto brancos (**eslavos**), procedentes de Europa, como negros (**sudaneses**) que se ocupaban en distintas funcións, incluídos o exército e a administración, podendo en ocasións ser emancipados.

2. APORTACIÓNS MUSULMÁS

2.1. As cidades. A cultura musulmá vai ser urbana e as cidades vanse converter no centro da produción artesá (liño, vidro, coiro, xoias, cerámicas, lá, seda, algodón, ...) e comercial, así como en centro administrativo, político, relixioso e intelectual. **Córdoba** foi a gran cidade do Califato, o que a converteu a máis grande da Europa occidental, decaendo na etapa dos reinos de taifas.

As cidades estaban formadas por un núcleo amurallado ou **medina**, onde se concentraba a vida pública, , relixiosa e administrativa, e onde se situaba a mesquita maior ou **alxama**, o **zoco principal** ou mercado, o **alcázar** (alcazaba) e a muralla. Os seus habitantes agrupábanse por oficios ou por orixes étnicos, nos seus propios barrios que tiñan os seus propios zocos e mesquitas (dependía do tamaño das cidades). Fóra e arrimados á muralla medraban novos barrios ou **arrabaldes** e máis aló as fincas de recreo ou almunias.

2.2. A economía: agricultura e artesanía.

a. Agricultura baseouse na gran propiedade ou latifundio traballada maioritariamente en réxime de **arrendamento**, por parte de pequenos campesiños; ademais da **triloxía mediterránea** (trigo, vide, oliveira) onde introduciron **novos produtos** e métodos de cultivo (**regadío**, con **noras e canles**): froitas como a laranxa, limón, lima ou a granada; produtos hortícolas como a berenxena, cenorias, espinaca, melón, cana de azucre, o arroz,...; e plantas industriais como liño, algodón, moreira para seda, ... Foi unha **agricultura intensiva moi desenvolvida** con altos excedentes orientados ó mercado urbano. Tamén contaron con gran número de tratados sobre as melloras técnicas de cultivo e coidado da terra e os produtos.

b. Artesanía: realizábase en pequenos talleres por artesáns agrupados nunha especie de gremios, pero tamén en grandes obradoiros pertencentes ao Estado. As actividades básicas foron vidro, coiro, cerámica, ..., e a industria téxtil. A produción dedicaba ó mercado interior, e tamén se exportaba nun activo **mercado exterior**. Al-Ándalus estaba

integrada no círculo económico do Islam, que se estendía non só polo Mediterráneo, senón que chegaba ao norte de Europa, África e incluso a India e a China. Importábanse materias primas (peles, metais, ámbar, madeira, escravos, ouro, ...) e exportábanse produtos manufacturados, sobre todo de luxo. Este comercio asentábase nunha economía monetaria, baseada nun bimetalismo (dinar de ouro e dirhem de prata) moi estable, que lle permitiu aos musulmáns controlar o mercado internacional ata o s. XIII.

2. 3. O desenvolvemento cultural e artístico. A presenza musulmá aportou innumerables elementos á cultura hispánica, dende palabras, máis de 4 000 das cales moitas delas referidas ás topónimos como Guadalquivir, Guadalmina, ...

Tamén moitos elementos a vida cotiá, tales como o uso do aceite de oliva, froitas e verduras, turróns, o uso do botón, a roupa, os baños e bibliotecas públicas, iluminación nas rúas. Influíron na música, instrumentos e folclores: pandeiro, pandeireta, diversos tipos de frautas, o rabel ou o timbal. Introduciron o xadrez e popularizaron elementos arquitectónicos como o arco de ferradura, o uso de xardíns, pazos, coñecementos médicos, traducións de autores clásicos gregos, etc.

3. A RESISTENCIA CRISTIÁ (SÉCULOS VIII-XI)

Logo da derrota de Guadalete o exército visigodo opuxo pouca resistencia, polo que a resistencia quedou reducido a núcleos na zona montañosa do norte peninsular, dende onde se van ir formando reinos que se unirán e disgregarán ata acabar a fins do s. XII formando os reinos separados de Castela e León, Navarra e Coroa catalano-aragonesa.

3.1. A orixe dos reinos cristiás

a. O núcleo ástur-leonés. A zona cantábrica quedou fóra do dominio inicial musulmá. Ástures, cántabros e vascos acolleron poboación cristiá-visigoda, xunto con nobres hispano-visigodos que comezaron enfrontamentos ás partidas invasoras. Un deles, **Pelaio**, xenro do duque de Cantabria, derrota por primeira vez ós musulmáns en **Covadonga** (722). O seus sucesores Afonso I (739-756) e Afonso II (791-842) van crear o **Reino de Asturias**, que se expandirá dende Galicia ata o alto Ebro que era unha zona abandonada polas milicias cordobesas creando unha **terra de ninguén**. Negáronse a pagar impostos a Córdoba, reivindicáronse como herdeiros lexítimos do reino visigodo. Ordoño II vai trasladar a capital do reino a León, para controlar mellor estas novas terras, ás que repoboou con galegos, cántabros e vascos, así como con mozárabes fuxidos de al-Ándalus durante os enfrontamentos do mediados do s. X.

Para defender mellor os territorios orientais da Meseta, vaise crear o condado de Castela, moi fortificado e gobernado por condes nomeados polos reis leoneses. Un deles, Fernán González, vaise declarar independente no ano 927. Á súa morte (970), o título quedou unido á súa familia dun xeito hereditario, ata que se una mediante matrimonio ó rei Sancho III de Pamplona.

b. Os condados pirenaicos. Nacen trala creación por parte de Carlomagno da Marca Hispánica para protexer o seu imperio, dividida en condados gobernados por condes nomeados polo emperador. Na zona oriental (Navarra) e central (Aragón) vanse declarar independentes case simultaneamente, creando o condado de Aragón, con capital en Jaca, e o **reino de Pamplona**, núcleo do futuro reino de Navarra. Estes reis buscaron alianzas co reino ástur-leonés, que intentaba asegurar a fronteira oriental. O reino de Pamplona vai comezar a expansión cara a Rioxa e cara Aragón, e por medio de matrimonio anexiona o condado de Aragón.

Os **condados catalás**, van tardar máis en independizarse, e o conde de Barcelona vaise ir convertendo no máis poderoso e extenso.

c. Cara a formación de reinos. Pouco a pouco, os núcleos cristiás do norte van ir evolucionando para converterse en reinos máis extensos e fortes. Durante o s. XI, **Navarra** vaise converter no principal reino baixo o reinado de **Sancho III**, ó incorporar varios condados pirenaicos así como o de Castela e converter en vasallos ós reis de León e aos condados cataláns. Á súa morte, no ano 1035, o reino vaise dividir entre os seus fillos (algo tradicional durante a Idade Media): Ramiro I proclamouse rei de Aragón, Fernando I de Castela e García Sánchez III de Navarra.

4. EXPANSIÓN CRISTIÁ E RETROCESO DE AL-ÁNDALUS (S. XII-XIII)

4.1. A debilidade musulmá: as taifas. As taifas xurdiron da debilidade do poder cordobés, cando a aristocracia palatina e militar, os propietarios de latifundios e as cidades actuaron coma **forzas desintegradoras**, ao igual que os bérberes, quen se apoiarán nos reinos cristiás a cambio de fortalezas na fronteira. En menos de 30 anos van aparecer 25 novos reinos independentes no territorio do califato e que pasaron de colaborar cos reinos do norte a pagar tributos para manter a paz.

4.2. O avance cristiá (S. XI-XII). A debilidade das taifas permitirá aos reinos do norte **atacar as terras andalusís**, enriquecéndose ao obrigalas ao pago de parias (en ouro; esta situación permitiulles conquistar os **vales do Teixo e do Ebro**. Esta expansión foi cortada polos **almorábides** primeiro e os **almohades** despois, quen intentaron a unificación de al-Ándalus, ata a súa derrota definitiva na **Navas de Tolosa (1212)**. Logo desta data os reis cristiás non atoparon grandes resistencias nas súas conquistas cara o sur. O **reino de Castela** conquista **Toledo (1085)**, **Portugal apodérase de Lisboa (1147)** e o rei de **Aragón** ocupa **Zaragoza (1118)**, en tanto o **conde de Barcelona** conquista **Tortosa (1148)** e **Lleida(1149)**.

4.3. A consolidación dos reinos cristiás. O primeiro rei de Castela, **Fernando I** vai incorporar tamén rei de León, ata a súa morte (1065). Ambos reinos reuníronse e separáronse varias veces, ata a unión definitiva no ano 1230, baixo o nome de **Coroa de Castela**. A independencia de Portugal reduciu o seu territorio.

O **reino de Pamplona**, vai recuperar a súa independencia de Aragón no 1134 e pasará a chamarse **reino de Navarra**. Vai perder territorios fronte a Castela, pero recuperará outros no val do Ebro, acabando a súa expansión cara o sur no a principios do s. XIII.

O **reino de Aragón**, trala morte do seu rei Alfonso I sen fillos e tras negarse o nobres aragoneses a executar o testamento real que o cedía ás ordes militares, elixen rei ao seu Irmá **Ramiro**, quen acordará o matrimonio da súa filla **Petronila** co **conde de Barcelona, Ramón Berenguer IV**, dando lugar ao nacemento da Coroa de Aragón. O seu primeiro rei será Alfonso II ao unir as terras herdadas da súa nai e do seu pai, co que fortalecerá o reino permitíndolle novas conquistas e aumento de poder.

4.4. A gran expansión do S. XIII: Durante a primeira metade de século, os andalusís van ver moi reducido o seu territorio:

Aragón conquista Mallorca, Valencia e Murcia (Xaime I), que regala a Afonso X de Castela. Expansión polo Mediterráneo: incorporación de Sicilia (1282) e Xa brevemente Sardeña (Xaime II) e, temporalmente, incorporarán territorios no Mediterráneo oriental (ducados de Atenas e Neopatria). No s. XV conquístase o reino de Nápoles (1442).

Castela esténdese cara o sur, conquista o val do Guadalquivir (Sevilla, Xaén e Córdoba), baixo Fernando III.

Portugal acaba as súas conquistas cando incorpora o Algarve (1226-1239).

Logo de todos estes avances, a fins do século XIII só sobrevive o reino **nazarí de Granada** o cal vai desaparecer no **1492**, baixo os Reis Católicos.

5. TIPOS DE REPOBACIÓN DAS TERRAS CONQUISTADAS

A conquista de al-Ándalus vai ser tanto militar como de ocupación do territorio por poboación cristiá, o que **influirá na posterior estrutura da propiedade** e na posterior desenvolvemento social dos reinos.

Déronse tres modelos:

a) **Repoboación libre** ou **presura (mediados do s. IX-. XI)** en áreas escasamente poboadas (val do Douro e territorios ao sur do Pirineos). Iníciase coa existencia de pequenas comunidades campesiñas (aldeas ou vilas) libres e propietarias das terras (*alodios*). Os reis ou condes incitaron a mosteiros e nobres a establecerse en terras valeiras e poboaas, así como á mozárabes fuxidos de al-Ándalus ou campesiños procedentes do norte. Sitúáronse preto de castelos ou fortalezas utilizadas para a súa defensa. En ocasións tamén foron outorgadas **cartas de poboamento**, onde se garantían a súa liberdade e dereitos. Vai aparecer a figura do **cabaleiro vilán**, homes libres de orixe vilán autorizados a portar armas, con funcións guerreiras de defensa ás ordes do rei ou dos nobres nas terras de fronteira, especialmente en Castela. Estes dedicábanse fundamentalmente á gandaría que precisaba de menos coidados e man de obra.

Estas necesidades defensivas van favorecer a nobres e mosteiros (cobro de parias e entrega de grandes territorios en compensación pola cristianización). A situación de fronteira vai facer que os campesiños libres entreguen as terras a cambio de protección converténdose en servos. Esta situación vaise dar en Castela, especialmente ao sur do Douro, e nos condados cataláns.

b) **Repoboación de concellos: s. XI-XII**, fundamentalmente, nos vales do Teixo e do Ebro. Estivo organizada de **xeito colectivo** a través de concellos que gozaban de liberdades e privilexios outorgados polos reis: **cartas de poboamento ou foros**. A causa foi o tamaño do territorio a repoboar, así como cidades musulmás que se baleiraron logo da conquista cristiá e que controlaban un gran territorio rural (**alfoz**).

En Castela, os territorios conquistados supuxeron a expulsión da poboación islámica, en tanto na Coroa de Aragón permitiúselles permanecer (**mouriscos**), pero en xeral as terras conquistadas foron entregadas ás ordes militares e ós concellos, que as dedicaron fundamentalmente á gandaría. Como contrapartida, os reis outorgaron foros aos repoboadores que se establecesen nas terras reais (de **reguengo**) e as cidades crearon os seus propios concellos para gobernarse.

c) **Repartmentos: Castela:** a partir do s. XIII as conquistas van provocar o nacemento de grandes **latifundios** a partir das terras entregadas aos nobres que acompañaban ó rei. Tamén se van ver beneficiados cregos e ordes

militares. Estes repartimentos van ser propios de Estremadura e Andalucía, ao fuxir os musulmáns cara Granada ou África, deixando terras baleiras . As cidades de reguengo (Sevilla, Murcia ou Xaén, entre outras) víronse así mesmo beneficiadas, xa que non só repoboaban, senón que servían de contrapeso a ordes militares e nobreza.

Coroa de Aragón: Valencia, Baleares e Murcia. O sistema será parecido, coa diferenza da permanencia da poboación orixinal (**mudéxares**), quen conservaban a súa relixión e as súas leis.

6. A ECONOMÍA NOS REINOS CRISTIÁS

6.1. Do autoconsumo ao crecemento económico: Baseada na agricultura e a gandaría orientadas cara o autoconsumo, ao igual que a produción artesá local.

A partir do s. XI a situación vai cambiar. Na **Coroa de Aragón** reactivábase a agricultura, e **conéctase coas rutas comerciais mediterráneas**, cun comercio de reexportación de produtos do norte (Francia e Flandres) e local (peles, armas, ...) cara outros lugares do Mediterráneo a través das cidades costeiras (Barcelona).

En **León, Navarra e Castela**, a expansión cara o sur permitiu unha maior estabilidade, un aumento demográfico, agrícola e artesanal, así como a venda de excedentes (feiras e mercados), axudados polo cobro das parias e a consolidación do “Camiño Francés” a Santiago que activará o comercio a longa distancia.

6.2. Castela vaise orientar cara a gandaría: motor económico a partir dos s. XII-XIII, pola conquista do territorio andalusí que promoveu a cría da ovella meriña, cuxa lá era moi demanda en Europa. Isto provocará que os grandes propietarios (Igrexa, nobres e concellos) acaden un **gran enriquecemento**, a conta dos campesiños que viron como se freaba a produción agrícola. Vaise crear o “**Honrado Concejo de la Mesta**” no 1273, que agrupaba a todos os propietarios de mandas de ovellas e organizaba a “**transhumancia**”, a cal provocaba grandes perdas na agricultura, levando ao enfrontamento entre gandeiros e agricultores, mostrándose a monarquía favorable aos gandeiros.

A lá concentrábase en Burgos, de onde **saía polos portos cantábricos do norte**. Este comercio **reactiva os mercados e as feiras comerciais de Castela**, especialmente as de Medina do Campo.

A Coroa de Castela vai manter unha economía comercial baseada na **exportación de materias primas** (lá meriña e ferro vasco, principalmente) e unha **importación de produtos manufacturados**, que van estar nas mans de nobres e alto clero (os grupos máis ricos e poderosos), pero impedirán o desenvolvemento artesanal local (competencia dos produtos dos Países Baixos), **obstaculizando o nacemento dunha burguesía** que servise de contrapeso ó poder da nobreza.

6.3. A Coroa de Aragón: consolidación dunha sociedade agraria de grandes propietarios nobiliarios, con gran peso da **gandaría ovina** no reino de Aragón, onde tamén se produciu unha maior dependencia do campesiñado. Agricultura fundamentalmente de secaño (trigo, vide, oliveira) pero tamén unha próspera **agricultura de regadío**, nas zonas de mudéxares que mantiñan as regas e as aceas, ao igual que nas horas de Valencia. Nas cidades aumentan as **actividades artesanais**, como metalurxia ou naval, que se van ver estimuladas polo comercio marítimo das cidades de Barcelona, Palma e Valencia.

Dende os **s. XIII ao XV**, vaise producir un forte desenvolvemento do comercio internacional no Mediterráneo, en dirección a Sicilia, Sardeña, o mar Exeo, o mundo bizantino e as costas africanas, exportándose aceite, tecidos, ferramentas e armas de ferro. Importábanse tecidos de seda, especias, e trigo. Como defensa dos intereses comerciais aragoneses vaise crear os **Consulados do Mar**, onde un representante ou cónsul tiña o poder de resolver litixios e a actuaba como delegado diante as autoridades do país. Estas actividades van propiciar o desenvolvemento dunha influínte burguesía que exercía o control das institucións urbanas.

7. A SOCIEDADE MEDIEVAL

A sociedade medieval é unha sociedade **desigual** baseada nos privilexios e dividida en **estamentos**, dous privilexiados e 1 que non o é. Os privilexiados son a **nobreza e o clero** e o non privilexiado vai ser o **estado raso ou xente do común** composto por campesiño e a nacente burguesía urbana. Os privilexiados basean o seu poder na posesión de terras, están exención do pagamento de impostos e sométense a leis especiais.

A feudalización da sociedade non segue os patróns da europeos, polas características propias da Península: presenza islámica, guerra constante e intermitente e formas de repoboación, aínda que non se van poder evitar que ó longo do tempo non adquirise trazas claramente feudais.

O **feudalismo** implantárase inicialmente nos condados cataláns pertencentes á **Marca Hispánica**, onde as necesidades de defensa do seu territorio fixo que cara o s. XI, os seus condes fixeran hereditarios os seus cargos, prescindindo da autoridade franca, á vez que moitos campesiños libres e propietarios das súas terras se converteron en servos.

No resto dos reinos peninsulares tamén se consolidarán as relacións **feudovasaláticas**: creación de **señoríos laicos e eclesiásticos**. As necesidades de protección van facer que moitos campesiños libres entrasen nun sistema de

dependencia, converténdose en servos. Así, a finais do **s. XIII**, as relacións que rexían na Península Ibérica eran unhas relación señoriais, das que tanto a nobreza como o clero obtiñan rendas das súas propiedades á vez que exercían **dereitos señoriais**, polo que os campesiños, aínda que dispoñían do dominio útil da terra, estaban sometidos á xurisdición señorial (e ao pago dos dereitos señoriais).

Dentro dos **grupos privilegiados (nobreza e clero)** tamén hai distincións. **Nobreza**: a **alta nobreza**, que coas repoboacións se converteu en grandes propietarias de terras, e a **baixa nobreza** (fidalgos, infanzóns, cabaleiros, ...) que se vai ir empobrecendo cada vez máis ao rematar a conquista. Un xeito de asegurar o patrimonio vinculado á terra, vaise consolidar no s. XIV o **morgado**, que aseguraba o paso íntegro do patrimonio ó herdeiro do título, evitando a división entre os fillos polo que se asegura o patrimonio familiar. O **clero** tamén posuía grandes señoríos, pero ademais tiña un ingreso adicional, o que proviña do cobro do **décimo**, que era de obrigado pagamento.

O **estado raso ou xente do común**, constituía a inmensa maioría da poboación, composta case na súa totalidade por campesiños, aos que se unían os habitantes das cidades. **Campesiños**: este grupo non era homoxéneo: ao norte predominaban os **campesiños libres e propietarios** de pequenas extensións de terreo, en tanto que en Cataluña eran servos. A servidume vaise expandir coa conquista cara o sur e a constitución de grandes señoríos nobiliarios, traballados por campesiños en réxime de servidume. Ademais todos, campesiños libres e servos, tiñan grandes obrigas non só cos propietarios das terras, senón cos donos dos señoríos xurisdicionais (pago polo uso do forno, do muíño, de paso de pontes, ...).

O outro grupo que forma o estado raso é o da **burguesía**, a cal vai aumentar a súa importancia a partir do S. XIII, co crecemento do mundo urbano e o desenvolvemento das actividades artesanais e comerciais, sobre todo en Cataluña, o que lles permitirá aumentar non só a súa riqueza senón tamén a súa influencia. Acabará por converterse na gran financeira dos reis a través da súa representación nas Cortes e nos consellos municipais.

Minorías: xudeus e mudéxares. Os **xudeus** van vivir en barrios propios amurallados, dedicándose á artesanía, á medicina, ao comercio e ao préstamo. As relacións cos cristiás foron boas, polo menos ata o comezo das persecucións no s. XIII. En canto aos **mudéxares**, musulmáns que quedaron logo da conquista cristiá, era fundamentalmente agricultores; Estaban marxinados pero non perseguidos (fundamentais para os señores polo seu traballo agrícola).

AS INSTITUCIÓNS POLÍTICAS DOS REINOS PENINSULARES

Ao igual que no resto de Europa, a estrutura política dos reinos peninsulares baseábanse en tres institucións: monarquía, Cortes e municipios.

8.1. A monarquía: na Idade Media os reis críanse **escollidos por Deus** e os seus **reinos** eran o seu **patrimonio**, podendo dividilos ou unilos segundo os seus intereses. Exercía o **poder supremo** e podían declarar a guerra, convocar ó exército (feudal), ditar leis, impartir xustiza e acuñar moeda. Gobernaban apoiándose nunha **Consello Real** ou corte de conselleiros; para impartir **xustiza** existía a **Curia Real**, unha **Chancelería** para dirixir a **administración** e unha **Tesourería** para todo o relacionado coas finanzas.

* **Coroa de Castela:** de carácter máis autoritario e menos feudal que Aragón; o rei ten poderes máis amplos (declaración de guerra, ditar leis e impartir xustiza). A creación da Coroa de Castela (Castela máis León) no 1230 provocou un proceso de centralización administrativa e de creación dun dereito xeral monárquico (*Código das Sete Partidas*, de Afonso X, *Ordenamento de Alcalá*, Afonso XI no 1348), que vai contar coa oposición da nobreza e dos concellos. Só as provincias vascas van seguir coas súas propias normas tras a incorporación a Castela.

Coroa de Aragón: vai ser unha monarquía **pactista**: arraigo do feudalismo e ó poder nobiliario: o poder equilibrábase entre o poder monárquico e os poder das diversas institucións, quedando o monarca controlado pola nobreza a través das Cortes. Este pactismo consolidouse a finais do S.XIII, cando Pedro III dote ás Cortes de poder legislativo. As leis ditadas debían contar coa aprobación dos estamentos, quedando o rei obrigado a respectar os usos e costumes de cada territorio que estaba recollido nun código (*Usatges* en Cataluña), nos *Foros* en Aragón (1247) e nos *Furs* (1261) en Valencia.

8.2. As Cortes: constituían a reunión dos tres estamentos (nobreza, clero e estado raso) co rei. Aparecen a partir do crecemento das cidades e, polo tanto, dunha burguesía rica á cal lle interesaba ao rei como contrapeso da nobreza. Eran convocadas polo rei, normalmente para a aprobación da obtención de recursos para campañas militares (**subsídios**) das que estaban exentas a nobreza.

Coroa de Castela: as primeiras Cortes convocadas foron as do **Reino de León** no ano 1188, e logo da unión con Castela, comezaron a convocarse xuntas, aínda que se reunían por separado ata o s. XV. O seu *papel* foi sempre *consultivo* e de aprobación de subsidios.

Na **Coroa de Aragón**, cada reino tiña cadansúa Corte. Todas gozaban de *certa función legislativa* e votaban os impostos. Dende o s. XIV, **Cataluña** contou cunha delegación permanente coa función de vixiar o cumprimento das leis e o cobro de impostos (**Generalitat**).

As primeiras Cortes de **Navarra** vanse reunir en 1253, e o rei tiña que **respectar os foros**, dereitos e tradicións do reino. Limitaban o poder real, polo que o rei en certos asuntos tenlle que consultar non só ó Consello Real, senón tamén ás Cortes. A compilación do Foro Xeral de Navarra realizouse entre os anos 1234 e 1253.

8.3. O goberno das cidades: gozan de certa autonomía e xurisdición, ao principio gobernadas mediante os sistema de cabidos abertos, pero cando no s. XIII aumentaron de tamaño e importancia produciuse a institucionalización do seu goberno.

En **Castela** constituíronse en **concellos electivos**, dominados pola nobreza. Máis tarde nomearanse **corrixidores** ou representante reais coa misión de evitar que se tomasen medidas contrarias aos intereses da Coroa.

Na **Coroa de Aragón**, Xaime I vai organizar os municipios, sobre todo o de **Barcelona**, que quedará nas mans do **Consell de Cent** ou asemblea de cen cidadáns escollidos, aínda que pronto a burguesía conseguirá acaparar estes cargos en detrimento dos demais grupos, o que provocará enfrontamentos á finais da Idade Media.

9. A CRISE DA BAIXA IDADE MEDIA

Fronte á expansión económica dos s. XII e XIII, a partir de mediados do s. XIV a situación vai cambiar, xa que se vai entrar de cheo nunha etapa de crise, inaugurada pola forte expansión por Europa da chamada **Peste Negra** (1348), coa que se inaugura unha etapa de contracción económica, descenso demográfico e enfrontamentos sociais.

A **Peste** vaise orixinar en Asia, chegando a Italia e logo ao resto do Mediterráneo dende se vai espallar por Europa. A **Coroa de Aragón** vai ser o reino peninsular máis afectado, sobre todo en **Cataluña**, onde a poboación vai diminuír case un 40 % entre mediados do s. XIV e finais do XV. En **Castela** o impacto vai ser menor, xa que a poboación vai baixar sobre un 25 % e a recuperación producirase antes.

Esta crise víñase anunciando dende comezos de século e na P. Ibérica pola serie de malas colleitas que vai provocar a desnutrición da poboación, sobre todo dos grupos máis desfavorecidos, polo que a chegada da peste vai ter resultados catastróficos. Por unha banda a diminución de campesiños provocará o abandono de terras de labor ("**despoboados**" en Castela e mansos rònecs ou casas labregas abandonadas en Cataluña) e unha baixada de produción xunto cun aumento de prezos; a esta diminución das rendas señoriais, a nobreza e o clero responden impondo novos impostos e endurecendo as condicións de servidume (**malos usos**) e engrandecendo os seus dominios mediante novas concesións reais. A presión sobre os campesiños provocará descontento e o campesiño vai reaccionar con **levantamentos** contra os señores.

Nas cidades a **escaseza de produtos** e a suba de prezos agrarias vai levantar protestas e revoltas urbanas; o pequeno artesanado vai reclamar reformas económicas e participación no goberno; a escaseza verase agravada polo descenso da produción manufacturera (prezos altos e dificultade de exportación), provocando un **colapso de comercio internacional**, que implicará a ruína de moitos artesáns e comerciantes agravará a situación.

Estas revoltas sociais inscribíense nunha gran ondada de conflitividade a nivel europeo. Na Península os movementos máis importantes producíranse en **Cataluña** onde os **remensas** (servos) se van organizar nun gran movemento de remensa, sublevándose contra dos señores e esixindo a anulación do réxime señorial e a fin dos malos usos. En **Galicia** foron as dúas **revoltas irmandiñas**, onde aos campesiños se uniron ao pobo raso das cidades, parte dos artesáns e os fidalgos, en contra dos abusos da nobreza e os seus representantes. Van crear a Santa Irmandade en contra dos abusos señoriais e iniciarán unha guerra contra a alta nobreza, destruíndo castelos e exixindo a devolución de terras confiscadas pola nobreza, pero foron derrotados pola unión de nobres e os seus exércitos superiores. En canto á conflitividade urbana, o malestar derivou en moitas ocasións nos asaltos ás xudarías (**pogroms**).

A nivel político entrárase nunha etapa de loitas e **conflitos** entre a monarquía, que vai querer impor a súa autoridade, e as clases privilexiadas que se resisten á perda do poder.

10. A BAIXA IDADE MEDIA EN CASTELA E NAVARRA

10.1. CASTELA: Economía: retroceso da agricultura pola falta de man de obra (Peste Negra) e a imposición de novos impostos. Impulso da **cría de ovella de lá meriña para a exportación**, (demanda que facía Flandres polo desabastecemento de lá inglesa provocado pola Guerra dos Cen Anos. Os beneficiados van ser a gran nobreza, os establecementos eclesiásticos e as ordes militares, moi favorecidos polo reis que favorecerán á Mesta en prexuízo dos agricultores, debido aos ingresos obtidos pola transhumancia.